

6.-CANTO DE COMUÑÓN

Quédate, Señor, connosco,
non nos deixes da túa man,
precisamos dos teus folgos
neste noso camiñar.

1.-Somos famentos
do pan da túa mesa.
Ai, dáanos sempre,
Señor deste pan!

2.-Ti que alixeiras
os xugos pesados,
os nosos xugos
ven alixeirar.

3.-Ti es o camiño,
a verdade e a vida
Vida queremos,
camiño e verdade.

4.Quen teña sede,
dixeches un día,
beba dabondo
do meu manantial.



ORACIÓN DO SAN CIDRE

San Cidre, santiño amigo,
Patrón da xente de aldea,
ti, que soubeches xuntar
o culto da fe e da terra,
axúdanos a confiar
no Deus que cura e libera.

Dános ganas de loitar
polo futuro da aldea
vivindo tal coma irmáns,
xuntos na mesma tarefa
coa xente toda do mundo
que no campo loita e reza.

Por Xesucristo, o Señor,
o Irmán, o Mestre que leva
as nosas vidas miúdas
en mans amigas e recias.

15 DE MAIO: SAN SIDRO PATRÓN DA XENTE DO CAMPO, DÍA DO MUNDO RURAL

Introdución:

Veciñas e veciños, hoxe é odía de san Cidre e da súa muller santa María da Cabeza. Un matrimonio que soubo vivir a vida do campo deixándose levar pola man de Deus en todo.

Hoxe é tamén o día de Pentecostés, festa do Espírito Santo, que o Alento, a Forza coa que Deus está disposto sempre a acompañarnos na nosa vida de cada día..

Vivamos esta celebración con alegría e devoción, para saírmos de aquí ben dispostos a vivir o lema deste día:

AGRADECEMOS A VIDA DA ALDEA,
BUSCAMOS AS MANIERAS DE RENOVALA.



1.-CANTO: HIMNO DO S. CIDRE

VIMOS ALEGRES CON MOITA UNIÓN,
A CELEBRAR O NOSO PATRÓN,
XUNTOS OLLAMOS CARA AO PORVIR
QUE DEUS CONNOSCO QUERE CONSTRUÍR

Somos irmá(n)s na terra, somos pobo de Deus,
vida con Deus buscamos na terra e máis no ceo.
Somos as seguidoras de Xesús que morreu
por defender o humilde: temos o alento seu.



2.-Celebración do perdón

Nun momento de silencio recoñecemos dentro de nós aquelas cousas mal feitas, os pecados que nos impiden vivir con paz e ben e boa veciñanza na aldea.

QUE O TEU PERDÓN, SEÑOR,
NOS CURE E NOS RENOVE.

LECTURAS DA PALABRA DE DEUS

Lecturas do domingo de Pentecoste.

3.-CANTO DO SALMO:

MANDAS O TEU ESPÍRITO,
MANDAS O TEU ESPÍRITO,
MANDAS O TEU ESPÍRITO
E RENOVAS A CARA DA TERRA.

A miña alma bendí o Señor,
meu Deus, que grande es.

O mundo enteiro existe en ti,
é froito do teu amor.

4.-Preces

NAS TÚAS MANS, DEUS BO,
POÑEMOS AS NOSAS VIDAS.

- Nas túas mans poñemos a xente nova do rural, para que lle aprendamos o agradecemento pola vida que os rodea, e o agarimo por Deus. Oremos.
- Nas túas mans poñemos os nosos maiores todos, que saibamos agradecer as súas vidas e coidar delas na súa ancianidade. Oremos.
- Poñemos nas túas mans a xente nova que se incorpora ao rural, que vexan satisfeitas as súas ilusións, que descubran a Deus acompañando os seus camiños. Oremos.
- Nas túas mans poñemos os que traballan polo mundo rural desde a política, os sindicatos, as asociacións de veciños, ou como sexa; que o fagan con honestidade e con éxito. Oremos.
- Poñemos nas túas mans a fe da xente da aldea, que evolucione e madure e valla para soste as nosas vidas. Oremos.



5.-Ofrecemento

TRAÉMOSCHE O VIÑO, TRAÉMOSCHE O PAN,
FROITO DA TÚA GRAZA E DAS NOSAS MANS.